



XUNTA DE GALICIA



Deputación  
DA CORUÑA

N.m. 176/2016

**CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA O FUNCIONAMENTO DO CENTRO RAFAEL PUGA RAMÓN DURANTE CURSO ESCOLAR 2016-2017.**

En Santiago de Compostela, a catorce de novembro de dous mil dezaseis

**REUNIDOS**

---

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Valentín González Formoso, na súa condición de Presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle outorgan o artigo 34.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 105.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Ambas as partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que en nome das entidades que representan teñen conferidas, e





EXPOÑEN

I

Por Real Decreto 657/1978, do 2 de marzo (BOE do 8 de abril), regulouse a situación e o réxime económico dos centros non estatais procedentes da transformación das seccións filiais dos institutos nacionais de ensinanza media co obxecto de unificar o tratamento xurídico económico destes centros adecuándoos á nova situación que se presentou como consecuencia da definitiva extinción das ensinanzas que deron orixe ás seccións filiais.

As seccións filiais dos institutos nacionais de ensinanza media transformáronse en centros non estatais coa clasificación de homologados e, como tales, son obxecto dunha subvención do Estado para o desempeño das súas actividades nun réxime económico análogo ao dos institutos de ensino secundario.

II

Que, de acordo co punto anterior, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén asignando unha subvención ao centro Rafael Puga Ramón en virtude do Real Decreto 657/1978, do 2 de marzo. Este centro docente depende da Deputación Provincial da Coruña, órgano encargado da súa xestión.

Así pois, coa finalidade de contribuír ao funcionamento do citado centro e ambos os dous organismos deciden subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes





## CLÁUSULAS

---

**Primeira.-** É obxecto deste convenio o funcionamento do centro público Rafael Puga Ramón, dependente da Deputación Provincial da Coruña.

**Segunda.-** A normativa pola que se rexe este convenio é a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento desta Lei e o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

**Terceira.-** O presente convenio terá vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2017, sen prexuízo de que os efectos económicos sexan desde o 1 de setembro de 2016.

**Cuarta.-** A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará un importe de **490.096,50 euros** para o funcionamento do citado centro, distribuíndose do seguinte xeito:

- ❖ **163.365,50 € para o primeiro cuadrimestre do curso escolar 2016-2017** (do 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2016).
- ❖ **163.365,50 € para o segundo cuadrimestre do curso escolar 2016-2017** (do 1 de xaneiro ata o 30 de abril de 2017).
- ❖ **163.365,50 € para o terceiro cuadrimestre do curso escolar 2016-2017** (do 1 de maio ata o 31 de agosto de 2017).





Estes importes faranse efectivos con cargo á aplicación orzamentaria **10.60.422M.482.0** dos orzamentos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria correspondentes aos exercicio de 2016 e 2017.

Antes da formalización do convenio e de cada un dos libramentos, a Deputación Provincial da Coruña deberá achegar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o previsto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os libramentos realizaranse do seguinte xeito:

- Un primeiro libramento, con carácter de anticipo, por importe de 163.365,50 euros, realizarase despois da entrada en vigor do presente convenio e trala presentación da declaración responsable indicada na cláusula quinta, apartado a) deste convenio.
- Un segundo libramento, por importe de 163.365,50 euros, efectuarase despois da xustificación relativa ao primeiro e segundo cuadrimestre do curso escolar, segundo o previsto na cláusula quinta, apartado b) deste convenio.
- Un terceiro libramento, por importe de 163.365,50 euros, efectuarase despois da xustificación relativa ao terceiro cuadrimestre do curso escolar, segundo o previsto na cláusula quinta, apartado c) deste convenio.

A percepción das contías indicadas é compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.





**Quinta.-** A documentación que se presentará para cada un dos libramentos é a seguinte:

a) Para o primeiro libramento:

\* Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Para o segundo libramento:

1º) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Comunidade Autónoma de Galicia.

2º) Certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control da Deputación Provincial da Coruña que recolla as seguintes cuestións:

\* Que os fondos recibidos como anticipo foron aplicados ao funcionamento do centro.

\* Que os gastos realizados no centro durante os dous primeiros cuatrimestres do curso escolar son iguais ou superiores ao importe das subvencións totais concedidas para este período, incluídas as achegas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria mediante este convenio.

Esta justificación deberá presentarse no prazo de dous meses desde a finalización do segundo cuatrimestre do curso escolar (ata o 30 de xuño de 2017).







XUNTA DE GALICIA



Deputación  
DA CORUÑA

c) Para o terceiro e último libramento:

1º) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Comunidade Autónoma de Galicia.

2º) Certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control da Deputación Provincial da Coruña que recolla as seguintes cuestións:

\* Que os gastos realizados no centro durante o curso escolar son iguais ou superiores ao importe das subvencións totais concedidas para este período, incluídas as achegas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria mediante este convenio.

Esta xustificación deberá presentarse dentro do período de vixencia do convenio (ata o 31 de outubro de 2017).



A deputación provincial conservará os xustificantes do gasto orixinado a disposición da Consellería e a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Tribunal de Contas, do Consello de Contas ou de calquera outro órgano competente, os cales, a través dos procedementos legais pertinentes, poderán realizar as comprobacións necesarias respecto ao destino e aplicación dos fondos aportados pola Xunta de Galicia.





**Sexta.-** Co obxecto de establecer directrices de traballo e supervisar o desenvolvemento de presente convenio, establécese unha comisión de seguimento, que estará integrada por dous/dúas representantes da deputación provincial, así como polos/as representantes que se determinen por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. A presidencia da comisión corresponderá ao/á representante da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A comisión de seguimento tamén poderá propoñer solucións ás controversias ou dúbidas xurdidas na aplicación do convenio.

**Sétima.-** A Deputación Provincial da Coruña terá as obrigas do beneficiario establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Oitava.-** A consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ostenta as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade do convenio, de acordo coa lei de contratos das administracións públicas, ademais das potestades específicas derivadas da relación xurídica subvencional, como a de reintegro, todo isto sen prexuízo da posibilidade de recurso contencioso administrativo.

**Novena.-** A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá comprobar cando o estime conveniente a execución do convenio.

**Décima.-** De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e de bo goberno, a Xunta de Galicia publicará na súa páxina web oficial os datos do presente convenio, incluído o importe da subvención concedida, polo que a súa sinatura leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e a súa publicación na citada páxina web.





**XUNTA DE GALICIA**



**Deputación  
DA CORUÑA**

Ademais, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio supón o consentimento expreso para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas.

Por outro lado, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto deste convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións.

**Undécima.-** Debido a que este convenio se formaliza en aplicación do disposto no Real Decreto 657/1978, do 2 de marzo (BOE do 8 de abril), non é posible promover a concorrencia pública, polo que para a tramitación deste debe terse en conta o establecido nos artigos 19.4.c) e 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Duodécima.-** O incumprimento das obrigas establecidas neste convenio por parte da Deputación Provincial da Coruña levará consigo o reintegro, total ou parcial, dos importes entregados.

**Décimo terceira.-** Este convenio poderá renovarse por acordo expreso das partes, mediante a formalización da correspondente addenda. Así mesmo, poderá ser denunciado por calquera das partes por incumprimento das obrigas previstas no mesmo.







**XUNTA DE GALICIA**



**Deputación  
DA CORUÑA**

Para dar cumprimento ao establecido no presente convenio e en sinal de mutuo acordo entre as partes, asíñase por cuadruplicado e a un só efecto no lugar e data indicados ao comezo.

**Pola Consellería de Cultura,  
Educación e Ordenación Universitaria  
da Xunta de Galicia,**

**Pola Deputación Provincial  
da Coruña,**

Román Rodríguez González

Valentín González Formoso

